A materia é

- todo aquelo que ten masa
- todo o que ocupa un lugar no espazo
- as dúas son correctas

Indica a resposta incorrecta:

- A masa indica a cantidade de materia que ten un corpo
- A masa mídese cun termómetro.
- A masa exprésase en kg.

O volume indica o .............. que ocupa un corpo

- espazo
- olor
- material

Que é a forza con que a gravidade atrae un corpo?

- A masa
- O peso
- Ningunha das dúas

Que se mide con recipientes medidores?

- O volume
- A masa
- O peso

A densidade é

- a relación que existe entre a cantidade de materia dun corpo e o espazo que ocupa
- a capacidade que ten un corpo de manterse na superficie dun líquido sen afundir
- a relación que existe entre a capacidade de manterse na superficie e o espazo que ocupa

Que ten máis flotabilidade?

- Un obxecto con maior densidade cá auga
- Un obxecto con menor densidade cá auga
- Os dous por igual

Cales destas son unidades de volume?

- Decilitro
- decagramo
- tonelada
- litro
- centilitro
- quilogramo

Ordena de menos a máis denso:

- aceiro
- cristal
- madeira
- cortiza

Completa:

LIVEWORKSHEETS

Os compostos están formados por máis dun .................. e a súa ......................... é estable, como a auga.
O xofre e o mercurio son ......................... que non poden ........................... noutros máis simples.
A vaporización e a ............................... úsanse para separar os compoñentes das mesturas.
Que método utilizas para separar a auga e o aceite? A ...........................

As fontes de enerxía renovables:

- xéranse de forma continuada e natural
- non se xeran de forma continuada e natural
- están vendo o partido de Brasil

Nas centrais hidroeléctricas aprovéitase

- a forza da luz
- a forza da auga
- a forza do vento

O consumo de que enerxías produce gases contaminantes?

- Enerxías renovables
- enerxías non renovables
- a enerxía das nais

A enerxía nuclear é

- renovable
- non renovable
- ningunha das dúas

A corrente eléctrica é

- o movemento dos electróns a través dun corpo
- o movemento dos catóns a través dun corpo
- o movemento dos metais a través dun corpo

Non permiten o paso da electricidade

- os corpos illantes
- os corpos conductores
- os corpos feos

A calor é

- a forma da materia que se transmite cando existe unha diferenza de temperatura entre dous corpos
- a forma de enerxía que se transmite cando existe unha diferenza de temperatura entre dous corpos
- o que hai no verán e non hai no inverno

A calor transmítese por

- convicción
- convección

A radiación permite transmitir a calor

- entre líquidos e gases
- entre corpos sólidos

LIVEWORKSHEETS

- entre todos os estados da material

A unidade máis pequena que forma un ser vivo é

- a materia
- a enerxía
- a célula
- 

Todas as células teñen

- membrana celular
- citoplasma
- ADN
- todas son correctas

As células procariotas teñen o material xenético

- no núcleo da célula
- disperso no citoplasma
- no ADN

Marca os seres vivos unicelulares:

- bacterias
- animais
- fungos
- 

LIVEWORKSHEETS